

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZIOFY

Expediente

Fecha

16-09-15 13:02

Asunto

Acta de la sesión AYT/XGL/28/2015

27066DXUNZIOGlg



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA QUINCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL QUINCE

ASISTENTES:

D/D^a MARIA LOUREIRO GARCIA
D/D^a MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D/D^a JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D/D^a LARA FERNANDEZ FERNANDEZ NORIEGA
D/D^a EMILIO VILLARMEA MENDEZ

AUSENCIAS:

D/D^a JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL

INTERVENTORA:

D/D^a MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARÍA LUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 17:00 do día 15 de setembro de 2015, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0FY

Expediente

Fecha

16-09-15 13:02

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS

15.09.15/RES.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Por parte do Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

2.- EXPEDIENTES DE CONTRATACION

A.- XUN/81/2015.- B27227388 CARFERLO S.L. SOLICITANDO DEVOLUCION DE FIANZA.

Visto o escrito presentado en data 31 de xullo de 2015 por D. Carlos Fernández López, en representación de CARFERLO S.L., con CIF B27227388, e domicilio a efectos de notificación en Pol. Ind. Camba, parc, 56-57, Xove, mediante o que se manifesta que dita empresa executou as obras de “Reposición de firme en camiños rurais de titularidade municipal”, rematando o prazo de garantía das mesmas polo que solicita a devolución da fianza.

Visto o informe emitido polo director da obra “Reposición de firme en camiños rurais de titularidade municipal do Concello de Viveiro 2013-2014” , D. Santiago Meitín Míguez, no que se sinala que segundo o establecido no artigo 102 do TRLCSP, transcurrido un ano dende a data de remate do contrato, sen que a recepción formal e liquidación tivesen lugar por causas non imputables ó contratista, procederase sen máis demora á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se producisen as responsabilidades ás que se refire o artigo 100 de dita norma, manifestando que as prestacións obxecto do contrato cumpren as cláusulas e condicións técnicas da mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0FY

Expediente

Fecha

16-09-15 13:02

Primeiro.- Devolver á empresa Carferlo S.L., a garantía definitiva referente á obra “Reposición de firme en camiños rurais de titularidade municipal do Concello de Viveiro 2013-2014”.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Tesourería para proceder a levar a efecto o acordado no punto primeiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Contratación para a súa notificación ós interesados, así como ós Departamentos de Intervención e Técnico de Recursos Económicos para o seu coñecemento e efectos.

B.-15.09.15/C-1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO "SERVIZO DE XESTIÓN CATASTRAL DO CONCELLO DE VIVEIRO (PERÍODO 2015-2016)".

Visto o expediente CT 2015/9, correspondente á tramitación do contrato de servizos “Servizo de xestión catastral do Concello de Viveiro (período 2015-2016)”.

Visto o informe de Secretaría, coa conformidade de Intervención, coas observacións referentes á tramitación do procedemento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do servizo denominado “Servizo de xestión catastral do Concello de Viveiro (período 2015-2016)”, aprobando así mesmo o gasto referente a esta actuación, co seguinte orzamento anual máximo:

Orzamento base	21 % IVE	Orzamento Total
29.590,00 €	6.213,90 €	35.803,90 €

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Terceiro.- Acordar solicitar a presentación de ofertas ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de oito días naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula décimo oitava do prego de cláusulas administrativas particulares, do que se lles adxunta copia:

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0FY

Expediente

Fecha

16-09-15 13:02

- MERCAPLAC, S.L., R/ Rois, nº 3, Bergondo, A Coruña.
- SERTECA INGENIERIA, S.L., R/ Álvaro López Núñez, nº 32, León
- DEPLAT, S.L., Rúa Virxe do Camiño, nº 59, 4ªA, C.P. 36001 Pontevedra.
- IBERCAT INGENIERIA, Ronda de Outeiro, nº 112, 2º porta 1, C.P. 15007 A Coruña

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención e ao Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

C.-15.09.15/C.2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO "RECOLLIDA, TRATAMENTO E VALORIZACIÓN DE RESIDUOS VOLUMINOSOS".

Visto o expediente CT 2015/8, correspondente á tramitación do contrato de servizos "Recollida, tratamento e valorización de residuos voluminosos".

Visto o informe de Secretaría, coa conformidade de Intervención, coas observacións referentes á tramitación do procedemento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do servizo denominado "Recollida, tratamento e valorización de residuos voluminosos", aprobando así mesmo o gasto referente a esta actuación, co seguinte orzamento anual máximo:

Orzamento base	21 % IVE	Orzamento Total
10.909,09 €	1.090,91 €	12.000,00 €

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Terceiro.- Acordar solicitar a presentación de ofertas ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de oito días naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula décimo oitava do prego de cláusulas administrativas particulares, do que se lles adxunta copia:

- RECICLAJES AVI, S.L., Camiño de Cacheno, 17, 36417 Tameiga - Mos/Pontevedra.
- AMBIGAL, 360 S.L., Estrada San Pedro de Visma, Mazaido 36, 15010 A Coruña.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0FY

Expediente

Fecha

16-09-15 13:02

- AGUSTÍN VÁZQUEZ CARRO, Paseo Ramón Beade, 12, 15300 Betanzos / A Coruña.
- UTRAMIC, S.L., Estrada de Bens, A Moura, nº 42, C.P. 15008 A Coruña

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención e ao Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

3.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

A.- XUN/48/2015.- 32608007X RIVERA RUBIDO, CLEMENTE SOLICITANDO ASIGNACION DE NUMERO CORRECTO Á VIVENDA.

Visto o escrito de D. Clemente Rivera Rubido, con DNI 32.608.007-X, e domicilio a efectos de notificacións no 61 Rue Prerost-Martín, 1205 Ginebra-Suíza, no que expón que no ano 2003 foille asignado o nº 9 de Peteira sendo en realidade Congostras e solicita unha nova asignación de número para a vivenda situada no lugar de Congostras, parroquia de Covas, en Viveiro, adxunta plano de situación.

Visto o requerimento de informe ó Departamento de Estadística, acordado na XGL de data 16 de abril de 2015, respecto ó erro de numeración co obxectivo de determinar o número correcto que lle correspondería á vivenda.

Visto o informe emitido polo Negociado de Estatística, no que se reitera no informe emitido en data 10/04/15, dado que no plano facilitado pola oficina do Catastro, observase que a edificación está situada no barrio de Congostras, o número que lle correspondería é o 30.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Asignarlle á vivenda propiedade de D. Clemente Rivera Rubido, a seguinte numeración de goberno: Congostras nº 30.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Estadística e notificar o mesmo ó interesado.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0FY

Expediente

Fecha

16-09-15 13:02

B.- XUN/70/2015.- O ÓRGANO DE CONTRATACION SOLICITANDO PRONUNCIAMENTO SOBRE CELEBRACION DE MESAS DE CONTRATACION EN PROCESOS NEGOCIADOS SEN PUBLICIDADE

Visto o escrito remitido polo Departamento de Contratación referente á celebración da Mesa de Contratación na tramitación dos procedementos de contratación negociados sen publicidade, no que se manifesta que a súa existencia nos procedementos negociados sen publicidade é potestativa, segundo establece o TRLCSP, propoñendo que a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación se manifeste sobre se decide que os procedementos negociados sen publicidade van estar asistidos por Mesas de Contratación, ós efectos de que se contemple nos pregos de cláusulas administrativas este aspecto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Que os procedementos negociados sen publicidade esteñan asistidos por Mesas de Contratación.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Contratación para o seu coñecemento e efectos.

C.- XUN/82/2015.- 33758562J GONZALEZ FRAGA, MERCEDES SOLICITANDO O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. Mercedes González Fraga, con DNI 33.758.562-J, e domicilio na Avda. del Ferrol, 35-1^oC, en Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>80%<150% IPREM
Aportación económica:	10%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	En trámite praza en Centro Residencial por vía de emerxencia Social.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a	Alta efectiva por vía de urxencia.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0FY

Expediente

Fecha

16-09-15 13:02

lista de agarda:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. Mercedes González Fraga, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva mediante vía de urxencia, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

D.- XUN/83/2015.- INFORME RELATIVO AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO QUE E BENEFICIARIA DONA ELVIRA GONZALEZ VIDAL

Visto o informe emitido pola Traballadora Social, D^a. Ana Isabel Sánchez Rodríguez, en relación ó Servizo de Axuda no Fogar do que son beneficiarios D^a. Elvira González Vidal, no que manifesta que con data 21/07/2015 lle foi concedido o Servizo de Axuda no Fogar por un período dun mes por amputación dun dedo do pé para atención persoal (aseo, axuda para vestirse...). Con data 28 de agosto realizase visita domiciliaria para ver o estado da usuaria observándose que mellorou da operación aínda que non se atopa totalmente recuperada, polo que se propón reducir o horario a 3,5 horas semanais durante un período de 15 días máis e posteriormente extinguir dito servizo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Reducir o horario a 3,5 horas semanais durante un período de 15 días máis e posteriormente extinguir dito servizo a D^a. Elvira González Vidal.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais os efectos oportunos e de notificación ós interesados.

4.- CONCESIÓNS DE SUBVENCÍONS.

A.-15.09.15/S.1.- ASOCIACIÓN VECINAL "CAMIÑO DE GALDO".

Vista a proposta do concelleiro de facenda, na que se manifesta que:

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0FY

Expediente

Fecha

16-09-15 13:02

- Por parte da Asociación de veciños “Camiño de Galdo” se solicitou unha subvención por importe de 3.000 euros para axuda dos gastos de organización da “Feira das maulas” celebradas na parroquia de Galdo o 10 de maio de 2015.
- Que segundo se expón en dita solicitude é a referida asociación quen se encarga da organización para a realización dos mencionados festexos.
- Que aportan memoria, orzamento, declaracións xuradas e documentos xustificativos de pagos.
- Que a disposición adicional segunda da ordenanza reguladora de subvencións establece que as que se concedan para custear os gastos tradicionais e populares ás comisións de festas ou asociacións, non se someterán ó principio de concorrencia, senón que serán de outorgamento directo, pero quedan suxeitas á obriga de xustificación.
- Que con cargo á partida 3380/48902 existe disponible crédito.

En base a ditos argumentos, polo concelleiro de facenda propónse outorgar á Asociación veciñal “Camiño de Galdo” unha axuda de 2.998,26 euros.

Na referida proposta de concesión de subvención consta a conformidade de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder á Asociación veciñal “Camiño de Galdo” unha axuda de 2.998,26 euros, con cargo á partida 3380/48902.

Segundo.- Notificar o presente acordo á referida asociación, indicándolle que antes do pago deberá acreditar estar ó correndo das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

B.-15.09.15/S.2.- ENTIDAD DEPORTIVA VIVEIRO, C.F.

Vista a proposta do concelleiro de facenda, na que se indica:

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0FY

Expediente

Fecha

16-09-15 13:02

- Que en data 8 de maio de 2015 se acordou a concesión dunha subvención á entidade deportiva “Viveiro C.F.”, por importe de 8.000 euros, asinándose o oportuno convenio con dita asociación. En dito convenio recollíase a posibilidade, condicionada á aprobación dos orzamentos de 2015 e sempre que existise partida orzamentaria suficiente, de aumentar a subvención concedida.
- Que en data 14 de xullo a entidade deportiva solicita a concesión dunha subvención por importe de 26.000 euros.
- Que en data 1 de setembro se aprobou unha addenda ó convenio sinalado, para a concesión dunha subvención excepcional de 26.000 euros ó “Viveiro C.F.”, complementaria á xa concedida.
- Que por parte de Intervención se informa que existe consignación orzamentaria na aplicación 3400/48900 e que a entidade deportiva entregou documentación xustificativa da subvención.

En base ós argumentos referidos propón aprobar a subvención excepcional ó “Viveiro C.F.” estipulada na addenda ó convenio, por importe de 26.000 euros.

Visto que consta informe favorable de Intervención

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a xustificación da subvención excepcional por importe de 26.000 euros, concedida ó “Viveiro C.F.”.

Segundo.- Notificar o presente acordo á referida asociación, indicándolle que antes do pago deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

5.- RECOÑOCIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

A.-15.09.15/FAC.- APROBACIÓN DE FACTURAS.

Vista a proposta da Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fenández Fernández, coa conformidade da Intervención, que recolle facturas e obrigas, co seguinte listado:

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento	Expediente	Fecha
XUNZIOFY		16-09-15 13:02

220150010317	ADO		15/09/2015	2015	2310 480	175,00	33830329C / CRIADO SANCHEZ AZUCENA
22015002253	INFORME				Axudas emergencia social. S.Sociais.	175,00	AXUDA ECONOMICA DE PAGO A ARRENDATARIA PARA CUBRIR NECESIDADES PRIMARIAS POR EMERXENCIA SOCIAL
220150010318	ADO		15/09/2015	2015	2310 480	218,96	76564314M / RAMOS GARCIA MARIA SOL
22015002254	INFORME				Axudas emergencia social. S.Sociais.	218,96	AXUDA ECONOMIA PARA PAGO DE HIPOTECA POR EMERXENCIA SOCIAL
220150010319	ADO		15/09/2015	2015	3380 22609	180,00	35592561S / SUAREZ BERMUDEZ MARCO
22015002255	FPV2015R/1				Actividades culturais e deportivas.Festas populares	180,00	RECIBO FPV2015R/1 POR ACTUACION NAS FESTAS PATRONAIS VERAN, 2015 PASACALLES COS XIGANTES E CABEZUDOS
220150010320	ADO		15/09/2015	2015	3380 22609	180,00	34883246C / FERNANDEZ REY GABRIEL
22015002256	FPV2015R/3				Actividades culturais e deportivas.Festas populares	180,00	RECIBO FPV2015R/3 POR ACTUACION NAS FESTAS PATRONAIS VERAN, 2015 PASACALLES COS XIGANTES E CABEZUDOS
220150010321	ADO		15/09/2015	2015	3380 22609	240,00	76569670W / FERNANDEZ CAJETE BERNARDO
22015002257	FPV2015R/4				Actividades culturais e deportivas.Festas populares	240,00	RECIBO FPV2015R/4 POR ACTUACION NAS FESTAS PATRONAIS VERAN, 2015 PASACALLES COS XIGANTES E CABEZUDOS
220150010322	ADO		15/09/2015	2015	3380 22609	240,00	35592594W / FERNANDEZ LOUZAO OSCAR
22015002258	FPV2015R/5				Actividades culturais e deportivas.Festas populares	240,00	RECIBO FPV2015R/5 POR ACTUACION NAS FESTAS PATRONAIS VERAN, 2015 PASACALLES COS XIGANTES E CABEZUDOS
220150010323	ADO		15/09/2015	2015	3380 22609	180,00	35591129D / ESCOURIDO VEIGA PABLO
22015002259	FPV2015R/6				Actividades culturais e deportivas.Festas populares	180,00	RECIBO FPV2015R/6 POR ACTUACION NAS FESTAS PATRONAIS VERAN, 2015 PASACALLES COS XIGANTES E CABEZUDOS
220150010324	ADO		15/09/2015	2015	3380 22609	200,00	35591786E / PIÑON SANTOS ALEJANDRO
22015002260	FPV2015R/8				Actividades culturais e deportivas.Festas populares	200,00	RECIBO FPV2015R/8 POR COLABORACION NAS FESTAS PATRONAIS VERAN, 2015 VIXIANCIA FEIRA DE ARTESANIA
220150010325	ADO		15/09/2015	2015	3380 22609	200,00	X9858227J / OLIVEIRA NEVES DA SILVA BELARMINO
22015002261	FPV2015R/9				Actividades culturais e deportivas.Festas populares	200,00	RECIBO FPV2015R/9 POR COLABORACION NAS FESTAS PATRONAIS VERAN, 2015 VIXIANCIA FEIRA DE ARTESANIA
220150010326	ADO		15/09/2015	2015	1510 23120	81,85	33995251D / HERMIDA TRASTOY, MARCOS
22015002262	ISION SERVICIO				Locomocions do persoal non directivo. Urbanismo	81,85	AXUDA DE CUSTO POR VIAXE A SANTIAGO O 4-SETEMBRO-2015 REUNION DIRECCION XERAL DE

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
XUNZIOFY		16-09-15 13:02

220150010327	ADO		15/09/2015	2015 3340 22100	623,37	B27204510 / BELFOGA, S.L.
22015002263		13/15		Energía eléctrica	623,37	FRA. 13/15 CARPETILLA, BOLETIN, TASAS E INSTALACION DE CADRO PARA CENA BAILE ASOCIACION SAN JUAN DE COVAS 21-3-15
220150010328	O		15/09/2015	2015 9200 22200	10,39	A78923125 / TELEFONICA SERVICIOS MOVILES S.A.
22015000042		28-H581-404189		Servizos de telecomunicacións. Admon. Xeral.	10,39	FRA. 28-H581-404189-18-XUN.-17-XUL.2015 TELEFONOS MOVILES OFICINAS E SERVIZOS MUNICIPAIS
22015000042				2015 9200 22200	249,12	
				Servizos de telecomunicacións. Admon. Xeral.	249,12	
22015001209				2015 9120 22200	578,12	
				Servizos de telecomunicacións. Órganos de Goberno.	578,12	
22015001210				2015 1320 22200	152,20	
				Servizos de telecomunicacións.Pol local.	152,20	
22015001211				2015 1350 22200	124,16	
				Servizos de telecomunicacións. P. Civil.	124,16	
22015001212				2015 1500 22200	96,47	
				Servizos de telecomunicacións. Obras.	96,47	
22015001213				2015 2315 22200	10,89	
				Servizos de telecomunicacións. Inmigración	10,89	
22015001214				2015 1650 22200	22,12	
				Servizos de telecomunicacións.Alum. Público	22,12	
22015001215				2015 1710 22200	46,18	
				Servizos de telecomunicacións.Parques e xardíns.	46,18	
22015001216				2015 2310 22200	42,89	
				Servizos de telecomunicacións. S. Sociais.	42,89	
220150010329	ADO		15/09/2015	2015 1532 203	340,98	B15448467 / RILO MAQUINARIA S.L.
22015002264		RMX-000298/15		Arrendamentos de maquinaria, instalacións e utilaxe	340,98	FRA. RMX-000298/15 ALUGUER DE VALLAS DE OBRA DO 13 O 24/7/2015 PARA DEPARTAMENTO DE OBRAS
220150010330	ADO		15/09/2015	2015 3231 22609	243,96	B15448467 / RILO MAQUINARIA S.L.
22015002265		RMX-000308/15		Actividades culturais e deportivas. Colexios	243,96	FRA. RMX-000308/15 XULLO, 2015 ALUGUER DE CASETA S/AISLAR W.C. PARA PAZO MISERICORDIA LUDOTECA

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento	Expediente	Fecha
XUNZIOFY		16-09-15 13:02

220150010331	ADO		15/09/2015	2015 3232 22799		13.666,67	B15922230 / AURORA, PILAR Y ANA, S.L.
22015000318		09 07		Outros traballos realizados por outras emp y prof. Gardería		13.666,67	FRA. 07- XULLO, 2015 XESTION ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL VIVEIRO (45 USUARIOS)
220150010332	O		15/09/2015	2015 3260 22700		1.452,00	B27250604 / ASISOLIM ASISTENCIA SOCIAL Y LIMPIEZA, S.L.
22015000748		02 23		Limpieza y aseo. Conservatorio.		1.452,00	FRA. 23 - MAIO, 2015 SERVIZO DE LIMPEZA DO CONSERVATORIO.
220150010333	O		15/09/2015	2015 3260 22700		1.452,00	B27250604 / ASISOLIM ASISTENCIA SOCIAL Y LIMPIEZA, S.L.
22015000748		02 28		Limpieza y aseo. Conservatorio.		1.452,00	FRA. 28- XUÑO, 2015 SERVIZO DE LIMPEZA CONSERVATORIO DE MUSICA
220150010334	O		15/09/2015	2015 9240 223		330,00	B27179969 / AUTOS MORAN, S.L.
22015000229		Emit- 60		Transportes. Participación veciñal.		330,00	FRA. 60- XULLO, 2015 TRANSPORTE DENDE SAN ANDRES DE BOIMENTE TODOLOS XOVES E PRIMEIRO E TERCEIRO DOMINGO DO MES
220150010335	ADO		15/09/2015	2015 3340 22602		726,00	B27000637 / EL PROGRESO,S.L.
22015002266		11507 642		Publicidad y propaganda. Promocion Cultural		726,00	FRA. 642- INSERCIÓN PUBLICIDADE MERCADO RENACENTISTA O 10-11/7/2015
220150010336	ADO		15/09/2015	2015 3340 22602	2015 3 DIPU 2 13	580,80	B27000637 / EL PROGRESO,S.L.
22015002267		11507 644		Publicidad y propaganda. Promocion Cultural	SUBV DIPUTACIÓN ACTOS SOCIOCULTURALES LÚDICO FESTIVOS 2015	580,80	FRA. 644- INSERCIÓN PUBLICIDADE RESURRECTION FEST 16-17/7/2015
220150010337	ADO		15/09/2015	2015 3340 22602	2015 3 DIPU 2 13	726,00	B27000637 / EL PROGRESO,S.L.
22015002268		11507 643		Publicidad y propaganda. Promocion Cultural	SUBV DIPUTACIÓN ACTOS SOCIOCULTURALES LÚDICO FESTIVOS 2015	726,00	FRA. 643 - INSERCIÓN PUBLICIDADE RESURRECTION FEST 15,16,17-XULLO-2015 PAXIÑAS DE LUGO
220150010338	ADO		15/09/2015	2015 3231 22609		43,56	B27235555 / FUTURES INFOGRAFIA, S.L.
22015002269		61/D15		Actividades culturais e deportivas. Colexios		43,56	FRA. 61/D15 - 20 IMPRESIONS LASER A3, MAN DE OBRA, DISEÑO E MAQUETACION PATINAXE ARTISTICO AMPA PEDROSA LATAS CELEIRO
220150010341	ADO		15/09/2015	2015 1330 210		2.779,26	B27202514 / SEÑALIZACIONES Y PROYECTOS DE GALICIA SL
22015002271		00006161		Infraestructuras e bens naturais. Ordenación tráfico		2.779,26	FRA.00006161. OBRA: TRABALLOS DE SEÑALIZACION HORIZONTAL VERTICAL E BALIZAMENTO REALIZADAS PARA O CONCELLO

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
XUNZIOFY		16-09-15 13:02

220150010342	ADO		15/09/2015	2015	3380 22609		1.766,60	B74261728 / REIRIZ FUEGOS ARTIFICIALES, S.L.U.
22015002270		A/85			Actividades culturais e deportivas.Festas populares		1.766,60	FRA. A/85 COHETES E BATERIAS DISPARADAS EN FESTAS SAN PEDRO 26-27/06/2015
220150010343	ADO		15/09/2015	2015	1500 212		1.548,80	76556464K / RODRIGUEZ REGUEIRO, PEDRO
22015002175		26			Edificios e outras construcións. Obras.		1.548,80	FRA. 26 SMTRO. DE 216 M TUBO 30*30 E MAN DE OBRA PARA REFORZO DO PALCO DE FESTAS VERAN, 2015

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0FZ

Expediente

Fecha

16-09-15 13:03

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e certificacións de obra que antecede, recoñecendo as obrigas que derivan das mesmas.

Segundo.- Dar conta do referido acordo ós Departamentos de Intervención, Tesourería e Servizos Económicos.

6.- AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS.

A.-15.09.15/AUT.- AUTORIZACIÓN DE GASTOS.

Vista a relación de gastos presentada polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, co seguinte listado:

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
XUNZIOFZ		16-09-15 13:03

220150010106 22015002175	RC	15092015 POSTA DE GAST	15/09/2015	2015 1500 212 Edificios e outras construcións. Obras.	1.548,80	PROPOSTA DE GASTO PARA SMTRO. DE MATERIAIS E MAN DE OBRA REFUERZO DO PALCO PRAZA MAIOR FESTAS VERAN
220150010339 22015002270	RC	15092015 PROPOSTA GAS	15/09/2015	2015 3380 22609 Actividades culturais e deportivas.Festas populares	1.766,60	PROPOSTA DE GASTO PARA COHETES E FOGOS ARTIFICIAS FESTAS SAN PEDRO, 26 E 27/XUÑO/2015
220150010340 22015002271	RC	15092015 PROPOSTA GAS	15/09/2015	2015 1330 210 Infraestructuras e bens naturais. Ordenación tráfico	2.779,26	PROPOSTA DE GASTO PARA TRABALLOS DE SIÑALIZACION E BALIZAMENTO REALIZADOS PARA O CONCELLO
220150010344 22015002272	RC	15092015 PROPOSTA GAS	15/09/2015	2015 1500 635 Mobiliario. Admon. Xeral da Vivenda e Urbanismo	2.400,00 2.400,00	PROPOSTA DE GASTO PARA COMPRA DE MOBILIARIO URBANO : BANCOS, PAPELERAS,... SUSTITUCION POR ROTURAS E DETERIORO

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0GI

Fecha

22-09-15 10:45

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización de gastos recollida no listado que antecede.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non existiron asuntos a tratar neste punto da orde do día.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 17:30 horas do día 15 de setembro de 2015, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.